

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

NOITE DA PALABRA E A MÚSICA SOLIDARIA

Celebrando o labor das persoas que se implican

Implicate! Noite da palabra e a música solidaria é un evento organizado pola oenegué [Implicad@s](#) no Desenvolvemento que este ano chega á segunda edición. O sábado 16, o Auditorio de Galicia vaise encher de voces que loitan dende a poesía, a música ou as artes escénicas. Xa o ano pasado 400 persoas puideron gozar deste evento, e agora agárdanse moitas máis. [Yolanda Castaño](#) e Paco Lodeiro, a quen estamos afeitos a ver en Cifras e Letras, deixan o plató para presentaren xuntos esta festa que reunirá a poetas como Antía Otero, Lucía Aldao, Rosa Aneiros, ou Xosé María Álvarez Cáccamo, a danza de María Reimóndez e Inquedanza, o teatro de Chévere e Carlos Blanco, e a música de Rosa Cedrón, Deluxe, Avalon e Isga Collective.

- 13:32 07/12/2006

As entradas xa están á venda, e pódense mercar a través do servizo de vendas de Caixa Galicia (a través da web e do teléfono 902 434 443), no propio Auditorio de Galicia, ou na tenda de comercio xusto Crisol de Vigo (Avenida das Camelias, 14). Custan dez euros, seis para o estudantado e tres para cativos e cativas menores de 12 anos.

O propósito principal deste evento é dar a coñecer o traballo desta organización de cooperación ao desenvolvemento galega, invitar ao público a ver o mundo con outros ollos, a reflexionar, e a cambiar o mundo, dende Galiza, dende a conciencia crítica e a acción clara. Os cartos recadados con esta iniciativa destinaranse integramente a financiar proxectos de cooperación para o desenvolvemento de IND. Dende a oenegué consideran que o cambio do mundo ten que comezar cun compromiso tamén con Galiza, recoñecendo o traballo que dende aquí se fai e activando as forzas vivas do noso pobo, como son as/os nosas/os músicas/os, poetas, artistas e persoas comprometidas e implicadas. Afirmen que só cambiando as raíces da pobreza cambiarase a situación de millóns de persoas, e iso implica cambiar a nosa maneira de vida aquí ao lado da casa. "Os pobos teñen dereito a decidir sobre os seus designios e que as persoas teñen dereito a vivir con dignidade, e por iso traballamos man a man coas organizacións cívicas do sur e coas comunidades empobrecidas para que desenvolvan as súas capacidades. E sabemos que o desenvolvemento da humanidade pasa por erradicar a primeira desigualdade, a de xénero, e por iso no noso traballo queremos dar voz e capacitación ás mulleres para que poidan decidir sobre as súas vidas e para que se respecten os seus dereitos".

Premio aos microrrelatos

Ademais, durante o transcurso da gala serán entregados os premios ás persoas que gañen o concurso de

[microrrelatos](#). Aínda están a tempo de escribir! Trátase de elaborar relatos arredor do tema do [microcrédito](#) (tanto sobre a súa filosofía de fondo como sobre calquera outro aspecto relacionado), e poden participar persoas de todas as idades e nacionalidades coa única condición de que os textos presentados sexan orixinais en galego, inéditos, e cunha extensión máxima de 2500 caracteres. Teñen até o 14 de decembro para enviaren os seus relatos, polo correo electrónico info@implicadas.org, ou a través do correo postal a IND, Concurso MICRO-RELATOS, Centro Crisol, Camelias 14, 36202 de Vigo. É importante lembrar que en ámbolos dous casos o envío debe realizarse baixo pseudónimo. Quen opte polo mail deberá facer constar un número de teléfono e evitar calquera referencia ao nome do/a autor/a. Quen prefira facer o envío por correo postal deberá incluír dentro do sobre unha plica na que constarán os datos de contacto da/o autor/a.

Implicados e implicadas

En canto a música, teremos unha serie de concertos ben ecléctica: [Rosa Cedrón](#) é unha das artistas con máis repercusión do panorama musical galego dos últimos tempos. Durante nove anos foi integrante de [Luar na Lubre](#), e participou con Mike Olfield no *Tubular Bells III*. A gravación do filme *Un bosque de música* e animouna a facer teatro.

[Deluxe](#) é o proxecto persoal de Xael López, un dos músicos galegos con maior proxección alén das nosas fronteiras. En maio de 2001 publica o seu primeiro álbum *Not what you had thought*, que é definido por moitos como un dos discos que marcan un punto de inflexión na escena musical española e o verdadeiro punto de partida do selo Mushroom Pillow. Logo veu *If things were to go wrong*, e en marzo do ano pasado, *Los jóvenes mueren antes de tiempo*.

Avalon (Iria, Patricia, Deli, Macarena e Cecilia) rapidamente deixaron de ser unha promesa para converterse nunha das máis interesantes propostas do folc actual, aclamadas dentro e fóra das nosas fronteiras. As cinco viguesas seguen arrasando cos seus discos *Lúa Meiga* e *Beltaine*.



Máis que un grupo musical, [Isga Collective](#) é un colectivo de artistas de distintas disciplinas, dirixido polo músico e compositor Isaac Garabatos. Ofrece unha mirada intimista desde a Galiza actual e moderna, sen esquecer as súas raíces e tradición. Mónica de Nut, Jesús Andrés, David González, Lorena Freijeiro e Patricia Argüelles son os outros integrantes do proxecto. A súa primeira referencia discográfica editada baixo o selo Sul Producciones conxuga música contemporánea coas Cantigas de Martín Códax do século XII.

Tamén poderemos ver unha montaxe coreográfica de **Inquedanza**. O seu bo facer na composición e execución das coreografías e na creación e dirección dos espectáculos, fixoos merecedores de diversos galardóns e de críticas moi positivas por parte da prensa especializada. Máis danza: **María Reimóndez Meilán** é tradutora e intérprete de profesión e escritora e feminista de vocación. Leva desde o ano 1994 dedicando o seu tempo á cooperación polo desenvolvemento, sobre todo na India, a raíz da cal funda en 1998 a oenegue Implicadas/os no Desenvolvemento. A súa faceta de bailarina de Bharata Natyam, baile clásico do sur da India é se cadra a menos coñecida. É subproduto da relación excepcional que o traballo en cooperación lle proporciona con este país.

E xa en teatro, gozaremos da presenza de **Chévere**, unha das compañías de teatro máis populares de Galicia, quen sempre sorprende ao público non só co seu peculiar sentido do humor, senón tamén impondo unha estética e un estilo propios e recoñecíbeis. Dende o 87 vén mantendo unha proposta estética ecléctica, desarraigada e un importante intervencionismo cultural en todo tipo de fronteiras. E teremos

conosco a **Carlos Blanco**, un dos actores galegos máis polifacéticos e queridos polo público, dende os seus comezos como presentador da Radio Galega e da TVG. Conta cunha longa experiencia como actor de teatro, cinema (*Cargo*, *O lapis do carpinteiro*) e televisión, para onde creou personaxes tan memorables como o Ladislao Couto de Mareas Vivas. Ultimamente puidemos velo presentando o programa da TVG *Somos unha potencia*.

A palabra solidaria

Dende a poesía, contaremos con autoras como **Emma Couceiro**. Obtivo o premio Espiral Maior coa súa primeira publicación, *Humidosas*, participou no colectivo *Mulher a facer vento* (1998) e obtivo o X Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón polo seu libro *As entrañas horas*. Colabora, como poeta e como crítica, en varias revistas como A Xanela, Dorna, Grial ou Festa da palabra Silenciada. Pertence ó equipo de redacción de Letras de Cal, nova editorial de poesía destinada a publicar ós novos valores.

Lucía Aldao é unha poeta e artista coruñesa. Autodefinida como "A poeta analfabeta", o seu carácter de artista dispersa fai que todos os seus actos, recitais, e concertos sexan unha experiencia nova e estimulante ademais de afastada do que se asocia tradicionalmente á poesía. Iniciada na poesía durante a adolescencia, o seu éxito levouna a estender as súas actividades, levando unha carreira paralela como cantante e guitarrista, guionista e animadora cultural. Ten gañado varios premios, como o Tanxedoira, o Francisco Fernández del Riego, o Minerva e o Premio de Poesía d'O Facho.



Rosa Aneiros é xornalista de profesión, colabora de forma habitual en distintos medios de comunicación impresos e electrónicos, entre eles culturagalega.org e a Axencia Galega de Noticias. É autora da novela xuvenil *Eu de maior quero ser* e do libro de relatos *Corazóns amolecidos en salitre*. Tamén publicou relatos en diversos volumes colectivos. A súa novela *Resistencia* (Xerais, 2002) foi reeditada xa en tres ocasións, ademais de recibir o Premio Arcebispo Xoán de San Clemente en 2003 e ser traducida ao portugués pola editorial Dom Quixote. A súa novela máis recente é *Veu visitarme o mar*.

A voz de [Antía Otero](#) é unha das máis novidosas presentes do panorama lírico. É membro do consello de redacción da Folla Voandeira de Poesía "Augas verso" e ten editado en Espiral Maior *O son da xordeira*, que recibiu excelentes críticas. Tamén forma parte da directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega onde exerce como vogal. Na actualidade cursa o Máster en Historia e Estética da Cinematografía pola Universidade de Valladolid e fómase como actriz na Escola de Teatro e Danza Espacio Aberto en Santiago de Compostela.

E por último, Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), estudou Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela e dende 1973 exerceu de profesor de Literatura en varios institutos de Galicia. Destaca como poeta, aínda que tamén publicou relatos breves, ensaio, pezas teatrais e textos para o público infantil. Da súa obra lírica destacan os poemarios *Luminoso lugar de abatimento*, Premio Esquíu 1986, e *Calendario perpetuo*, Premio da Crítica de Galicia 1998. Formou parte dos consellos de redacción dos suplementos Galicia Literaria de Diario 16 de Galicia e Faro das Letras de Faro de Vigo.